



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 13 de marzo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/1048

Dáse conta do borrador do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Confraría de Pescadores de Vilaxoán co fin de colaborar nos gastos de mantemento da Axencia de Lectura de Vilaxoán, que se atopa situada en terreos da Confraría, así como nos gastos que conleva o uso das propias instalacións de Confraría (Salón de Actos) por diferentes colectivos, polo que o Concello colaborará anualmente nunha porcentaxe do 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga, limpeza e mantemento das instalacións citadas, sen que a contía anual supere os 6.000 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar este acordo ao Presidente da Confraría, para que, unha vez asinado o citado convenio se dea coñecemento do mesmo á Xunta de Goberno Local.

PRP2017/1050

Dáse conta de informe da Policía Local achegando calendario das clases de Educación Vial que se celebrarán nos centros educativos da localidade durante o mes de marzo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1051

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto de seguro presentado por **Mutua General de Seguros** para a vivenda de propiedade municipal, con respecto á cal se formalizou un convenio coa Cruz Vermella para o seu uso, por un importe anual da prima de 214,72 €, con cargo á partida 231.224.

Dar conta ao Servizo Municipal de Consumo.

PRP2017/1052

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para subministro de baterías do



camión matrícula PO1813AU, que foron roubadas no Almacén de Obras, por un importe total de 527,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1056

Vista a proposta da Secretaria Xeral e co fin de dar cumprimento ás esixencias que se derivan da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Imatia Innovation, S.L.** o desenvolvemento nas Oficinas do Concello de traballos de dinamización durante tres meses, do 1 de abril ao 30 de xuño de 2017 (24 xornadas de 4 horas cada unha) para a implantación de sinatura electrónica, notificación electrónica, rexistro electrónico, etc, por un importe total de 9.618,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1059

Vista a proposta da Encargada do Departamento de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Federico Curt Martinez** para o subministro de cinco exemplares de camelia por un importe total de 900,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1108

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I, S.L.**, para o subministro de calzado de traballo para o operario D. Diego Diz Meixus, por un importe total de 77,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/1019

Dáse conta de proposta do Encargado de Obras solicitando se cubra a praza de Operario-Albanel vacante na actualidade, a través da bolsa de traballo constituída ao efecto.

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda o nomeamento como funcionario interino dun operario-albanel da Bolsa de Emprego de dita categoría, realizando o mesmo a partir da aprobación definitiva do Orzamento Municipal de 2017, é dicir a partir do 1 de abril de 2017.

PRP2017/1074

Vista a proposta da Directora do SPAD, en relación coa urxente necesidade de dispoñer dun/ha diplomado/a Universitario/a en enfermería DUE. A Xunta de Goberno Local acorda o nomeamento dun/ha Diplomada Universitaria en enfermería DUE como funcionario/a interino/a



con cargo a posto vacante, e en todo caso ata que remate o proceso selectivo para a renovación da bolsa de Emprego de Diplomados/as Universitarios/as en enfermería DUE.

PRP2017/1075

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao nomeamento de persoal funcionario interino para a execución do Plan temporal denominado “Vilagarcía Avanza” financiado mediante o programa operativo fondos FEDER de crecemento sostible 2014-2020, cunha duración de tres anos, ampliable ata doce meses mais, sendo os nomeamentos previstos os seguintes:

- Un posto de Xestor do Programa: Grupo A, Subgrupo A2.
- Un posto de Auxiliar Administrativo: Grupo C, Subgrupo C2.

Para o posto de auxiliar administrativo acudirase á bolsa de emprego de auxiliares administrativos, e para o posto de Xestor do Programa levarase a cabo a oportuna selección. Dar conta ao Negociado de Recursos Humanos.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/1104

Dáse conta da Orde do 8 de febreiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:
1º- Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2017 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbáns en instalacións en edificios de titularidade municipal.
- Instalación, mantemento e reparación de elementos de fontanería en dependencias e espazos de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Traballos de carpintería e moble

Certificado de profesionalidade MAMD 0209 (Traballos de carpintería e moble)

- Operacións de fontanería e calefacción e/ou climatización doméstica.

Certificado de profesionalidade IMAI0108.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de DOUSCENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E NOVE (279.959€)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE MIL UN (20.001€) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 2412-131: 4.952,70€ e 2412-22199:15.048,30.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/1083

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Crearte Servizos Culturais, S.L.** para a realización da actividade “Día da Poesía” o día 21 de marzo, por un importe total de 360,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22609.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1084

Dáse conta da relación de premiados/as como mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da Rede Municipal de Bibliotecas, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** por importe de 414,63€ con cargo á partida 3321.48100, por un lote de libros adaptado ás distintas idades dos rapaces premiados.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1085

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO)**, por importe de 282,78€, con cargo á partida 3261.22699, polos dereitos reprográficos do Conservatorio Profesional de Música de setembro de 2016 a outubro de 2017.

PRP2017/1099

Dáse conta da xustificación presentada á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2016-Plan Concellos 2016 – Liña 2 (Gasto Corrente Novo. Importe 9.500,00 para limpeza da Escola Municipal de Música. A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación.

PRP2017/1102

Dáse conta da xustificación á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2016-Plan Concellos 2016 – Liña 3 (actividades culturais, deportivas, sociais, turísticas e medioambientais). Importe 18.181,00€ para gastos de funcionamento do Conservatorio Profesional de Música.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1103

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Galbán Zaragoza**, para a substitución e axuste do bordonero da caixa Yamaha, por un importe total de 24,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/1107



Dáse conta da convocatoria do Programa de Acción Municipal, Sección Actividades (P.A.M.), para o exercicio 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para os proxectos que a seguir se relacionan:

1. Obradoiros de cociña e tarefas domésticas para nenas e nenos. Verán 2017 “Eu tamén sei cociñar”.
1. Obradoiros de Arteterapia para mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Charlas de sensibilización e igualdade de xénero e prevención da violencia nos centros de secundaria de Vilagarcía

Total: 7.256,00 €

Así mesmo acórdase aprobar o cofinanciamento por parte do Concello de 400,00€, polo que o importe solicitado ascende á cantidade de 6.856,00€.

Sanidade

PRP2017/1096

Vista a proposta da **Coordinadora do SPAD** para aprobar o gasto do servizo de autocares para traslado dos alumnos e profesorado das escolas unitarias ó auditorio para realizar a actividade “O cine como elemento de prevención”. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da **Empresa Pereira S.L.** por importe de 154,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22617.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/1097

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 18.000€, polo procedemento de concorrencia non competitiva para a realización da actuación denominada “Gasto Corrente Novo. Enerxía Eléctrica Auditorio Municipal, ao abeiro da finalidade gasto corrente novo dentro da liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/1098

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de entrega ao Concello do investimento “Actuacións de mellora no pavillón Castelao” por importe de 129.680,76€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/369

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a Memoria Valorada denominado “Melloras no alumeado público parque empresarial de O Pousadoiro”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial, don Óscar Álvarez González, cun orzamento total (IVE engadido) de 58.577,31€.



2.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, subvención para financiar o citado investimento, con cargo á Orde do 27 de xaneiro de 2017 da citada Consellería, publicada no DOGA nº 35 do 20 de febreiro de 2017.

3.- Colaborar no financiamento da inversión cunha achega municipal de 11.715,46€ (20% do orzamento total (IVE engadido), ao ser o máximo subvencionable do 80% do investimento.(Partida 150-640)

PRP2017/1280

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2017 de adxudicación do subministro e instalación dun sistema de megafonía para o salón de plenos.

Onde di:

Adxudicar o subministro e instalación dun sistema de megafonía para o salón de plenos a Ambiser Innovaciones, S.L.

Debe dicir:

Adxudicar o subministro e instalación de ferramenta de grabación e postminutaxe das sesión do Pleno da Corporación, a Ambiser Innovaciones, S.L.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:45 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.